



# **CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)**

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO

Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: [correo@boimorto.es](mailto:correo@boimorto.es)

Web: [www.concellodeboimorto.es](http://www.concellodeboimorto.es)

## **BORRADOR ACTA DA SESIÓN ESPECIAL ( MOCIÓN DE CENSURA ) CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN CON DATA 14 DE AGOSTO DE 2015.**

### **ORDEN DO DÍA**

#### **1.- Debate e votación de MOCIÓN DE CENSURA contra o actual Alcalde Presidente deste Concello.**

Non asiste Ana Ledo Fernández máis xustifica a súa ausencia en escrito con entrada número 2072 entregado á secretaria deste Concello.

Aberta a presente sesión, sendo as 12:00 horas, que foi convocada de conformidade co disposto no artigo 197 da Lei Orgánica 5/1985 de 19 de xuño, de Réxime electoral Xeral, por parte da Sra Secretaria procédese á lectura do apartado 1 do citado precepto, que literalmente di:

#### **Artículo 197 Moción de censura del Alcalde**

1. El Alcalde puede ser destituido mediante moción de censura, cuya presentación, tramitación y votación se regirá por las siguientes normas:

- a) La moción de censura deberá ser propuesta, al menos, por la mayoría absoluta del número legal de miembros de la Corporación y habrá de incluir un candidato a la Alcaldía, pudiendo serlo cualquier Concejales cuya aceptación expresa conste en el escrito de proposición de la moción.

En el caso de que alguno de los proponentes de la moción de censura formara o haya formado parte del grupo político municipal al que pertenece el Alcalde cuya censura se propone, la mayoría exigida en el párrafo anterior se verá incrementada en el mismo número de concejales que se encuentren en tales circunstancias.

Este mismo supuesto será de aplicación cuando alguno de los concejales proponentes de la moción haya dejado de pertenecer, por cualquier causa, al grupo político municipal al que se adscribió al inicio de su mandato.

- b) El escrito en el que se proponga la moción de censura deberá incluir las firmas debidamente autenticadas por Notario o por el Secretario general de la Corporación y deberá presentarse ante éste por cualquiera de sus firmantes. El Secretario general comprobará que la moción de censura reúne los requisitos exigidos en este artículo y extenderá en el mismo acto la correspondiente diligencia acreditativa.
- c) El documento así diligenciado se presentará en el Registro General de la Corporación por cualquiera de los firmantes de la moción, quedando el Pleno automáticamente convocado para las doce horas del décimo día hábil siguiente al de su registro. El Secretario de la Corporación deberá remitir notificación indicativa de tal circunstancia a

todos los miembros de la misma en el plazo máximo de un día, a contar desde la presentación del documento en el Registro, a los efectos de su asistencia a la sesión, especificando la fecha y hora de la misma.

- d) El Pleno será presidido por una Mesa de edad, integrada por los concejales de mayor y menor edad de los presentes, excluidos el Alcalde y el candidato a la Alcaldía, actuando como Secretario el que lo sea de la Corporación, quien acreditará tal circunstancia.
- e) La Mesa se limitará a dar lectura a la moción de censura, constatando para poder seguir con su tramitación que en ese mismo momento se mantienen los requisitos exigidos en los tres párrafos del apartado a), dando la palabra, en su caso, durante un breve tiempo, si estuvieren presentes, al candidato a la Alcaldía, al Alcalde y a los Portavoces de los grupos municipales, y a someter a votación la moción de censura.

Dacordo co disposto na letra d) do citado precepto art.197 da LOREG, por parte desta Secretaría se constata que os concelleiros de maior e menor idade son respectivamente;

D. Rogelio Sueiro Carro

D<sup>a</sup> . Sandra Sánchez Iñiguez.

Polo que se constitúe a Mesa de idade, composta polos concelleiros de maior e menor idade respectivamente, actuando como Secretaria a da Corporación. Preside a Mesa de Idade o concelleiro D.Rogelio Sueiro Carro.

Constituida Mesa de Idade, pola Secretaría verifícase que a moción de censura cumpre cos requisitos esixidos no artigo 197 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño tal e como se acredita mediante DILIXENCIA expedida pola Secretaria en data 3/8/2015. A sinatura dos concelleiros está debidamente autenticada por notario, incluíndo a moción como candidato á Alcaldía a D. Gonzalo Concheiro Coello, cuxa aceptación consta expresa no escrito de presentación da Moción. Requisitos que afirma a Secretaria se manteñen neste mesmo intre.

Procédese a continuación pola Secretaria a solicitude do Presidente da Mesa de Idade á lectura da Moción de Censura presentada en data 3/8/2015, con rexistro de entrada nº 1973 asinada por seis concelleiros (D. Gonzalo Concheiro Coello, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Novo Gómez, D. Elisardo Montero Castro, D. Rogelio Sueiro Carro, D. Luis Rico Vereá e D. José Balado Casal) que literalmente di o seguinte:

### <<PROPUESTA DE MOCIÓN DE CENSURA

Por la presente, DON GONZALO GONCHEIRO COELLO, Concejel del grupo político Partido Popular de Boimorto, DOÑA MARIA JESÚS NOVO GÓMEZ, Concejel del grupo político Partido Popular de Boimorto, DON ELISARDO MONTERO CASTRO, Concejel del grupo político Partido Popular de Boimorto, DON ROGELIO SUEIRO CARRO, Concejel del grupo político Partido Popular de Boimorto, DON LUIS RICO VEREA, Concejel del grupo político Partido Popular de Boimorto y

DON JOSE BALADO CASAL, Concejales del Grupo Mixto de Boimorto, que suscriben este documento, reunidos en Boimorto a 30 de julio de 2015.

## **EXPONEN**

**PRIMERO.** Habiendo sido el resultado de las Elecciones Municipales de 24 de Mayo de 2015 en el Ayuntamiento de Boimorto el siguiente:

PSOE: 4 Concejales.

BNG: 2 Concejales.

Partido Popular: 5 Concejales.

Y siendo el actual Alcalde José Luis Rivas Cruz, candidato a la Alcaldía de Boimorto por el BNG, la situación del Gobierno Municipal actual es de inestabilidad. Actualmente el Alcalde tiene asumidas las distintas concejalías correspondiéndoles a 3 concejales del PSOE las Tenencias de Alcaldía, ya que uno de los miembros de la lista del PSOE nunca pasó a formar parte del Grupo Municipal Socialista y se quedó en el Grupo Mixto.

Es por ello que los aquí firmantes proponen la presente moción de censura, al haber alcanzado el Partido Popular la mayoría de los votos con 5 concejales y aproximadamente un 44% de los votos que distan del 19% obtenido por el BNG. El pueblo de Boimorto se merece un Gobierno estable y de consenso, que se traduzca en una buena gestión de los intereses de todos los ciudadanos.

## **SEGUNDO.**

Por todo lo expuesto, y de conformidad con lo dispuesto en el artículo 197 de la Ley Orgánica 5/1985, de 19 de junio, del Régimen Electoral General, se presenta moción de censura contra el Sr. Alcalde DON JOSE LUIS RIVAS CRUZ, y todo ello en base a los siguientes

## **FUNDAMENTOS JURÍDICOS**

**PRIMEIRO.** La presente moción de censura la presentan SEIS (6) Concejales, que constituyen la mayoría absoluta del número legal de miembros de la Corporación.

**SEGUNDO.** Los Concejales que suscriben la presente moción proponen a DON GONZALO CONCHEIRO COELLO, como Alcalde de este Ayuntamiento, cuya aceptación expresa, consta en el presente escrito de proposición de la moción.

**TERCERO.** Esta proposición de moción se presenta ante el Secretario General de la Corporación, habiendo sido autenticadas las firmas de los Concejales que suscriben el presente escrito por la Notaria de Melide Doña María del Carmen Carreira Simón, para que acredite que la moción de censura reúne los requisitos exigidos en el artículo 197 de la Ley Orgánica 5/1985, de 19 de junio, del Régimen Electoral General.

Por todo lo expuesto,

## **SOLICITAMOS**

Que se tenga por presentada esta proposición de moción de censura contra DON JOSÉ LUIS RIVAS CRUZ, Alcalde del Ayuntamiento de Boimorto, y se sirva admitirla, disponiendo los trámites legales necesarios para llevarla a término. Asimismo y de conformidad con el artículo 197.1.c) de la Ley Orgánica 5/1985, de 19 de junio, del Régimen Electoral General, quedará el Pleno automáticamente convocado para las doce horas del décimo día hábil siguiente al de su registro.

### **ACEPTACIÓN DEL CANDIDATO A LA ALCALDÍA**

DON GONZALO CONCHEIRO COELLO, Concejales del Ayuntamiento de Boimorto, de acuerdo con lo establecido en el artículo 197.1.a) de la Ley Orgánica 5/1985, de 19 de junio, del Régimen Electoral General, acepta de forma expresa su designación como candidato a la Alcaldía de este Ayuntamiento.

El Concejales candidato a la Alcaldía,

Fdo.: Don Gonzalo Concheiro Coello.

En Boimorto, a 30 de julio de 2015.

Los Concejales solicitantes,

Fdo.: DON GONZALO CONCHEIRO COELLO

Fdo.: DOÑA MARIA JESUS NOVO GOMEZ

Fdo.: DON ELISARDO MONTERO CASTRO

Fdo.: DON ROGELIO SUEIRO CARRO

Fdo.: DON LUIS RICO VEREA

Fdo.: DON JOSE BALADO CASAL

A DOÑA REBECA VÁZQUEZ VÁZQUEZ, SECRETARIO GENERAL DEL AYUNTAMIENTO DE BOIMORTO>>

Lida a Moción de Censura pola Secretaria, pola Mesa apertúrase o turno de intervencións:

D. GONZALO CONCHEIRO COELLO como candidato a Alcalde:

<<La postura del Partido Popular ha sido muy clara desde el primer minuto, donde ganamos las elecciones, gobernamos, y donde no las ganamos, ocupamos la oposición.

En el ayuntamiento de Boimorto hemos sido la primera opción de los vecinos y, desde un primer momento, nuestra intención ha sido la gobernar porque los resultados

cosechados en las urnas el pasado 24 de mayo nos legitiman para hacerlo.

Debemos recordar que, sólo los pactos entre dos fuerzas no ganadoras, nos han impedido hacerlo.

No seremos nosotros los que juzguemos la postura de las formaciones que prefieren ceder la alcaldía a fuerzas minoritarias, pero sí nos parece un claro ejemplo de que, con tal de que no gobierne el Partido Popular, todo vale.

Sin duda, aquellos que han hablado, durante estos días, de fraude electoral, debería reflexionar sobre si existe un fraude electoral mayor que el que se ha producido en Boimorto, donde, hasta la fecha, el gobierno ha estado en manos de un partido que ha sacado, nada más y nada menos, que 2 concejales, menos de la mitad de los que ha conseguido la formación que aquí represento.

De todas maneras, reitero que la postura del Partido Popular ha sido, es y seguirá siendo la misma, queremos gobernar Boimorto. Ahora tenemos la oportunidad de hacerlo porque contamos con el apoyo de un concejal del grupo mixto que ha encontrado en nuestro programa, en nuestras ideas y en nuestra forma de trabajar el pilar sobre el que debe construirse el futuro de este municipio.

Creo que aquí la única formación que debería dar explicaciones es el Partido Socialista. Tal vez deberían aclarar a sus votantes los motivos que han llevado a una persona que iba en sus listas a no tomar posesión del acta de concejal con el PSOE y sí hacerlo como concejal del grupo mixto.

Tengo la sensación de que, al igual que ha sucedido con esta persona, el resto de votantes se han sentido traicionados viendo que un partido como el PSOE, que se presentó a las elecciones con la intención de gobernar Boimorto, entrega la alcaldía a los nacionalista.

Pero reitero, no voy a valorar lo que sucede en otros partidos, pero, tengo muy claro, y creo que la mayoría de la gente también, que no se puede hablar de transfuguismo cuando el señor Balado en ningún momento ha tomado posesión del acta de concejal como el Partido Socialista.

Tenemos por delante un reto bonito, pero, a la vez, de máxima responsabilidad, que no es otro que el de ofrecer un gobierno estable a los vecinos de Boimorto.

Toca ponerse manos a la obra, formar un equipo de gobierno y dejar de hablar del pasado para centrarse en el futuro.

Estamos abiertos a todas las ideas y propuestas que nos quieran hacer llegar el resto de formaciones, siempre desde el respeto, y con el único objetivo de hacer mejor la vida de nuestros vecinos.

D. XOSÉ LUIS RIVAS CRUZ como Alcalde-Presidente:

SOLICITAMOS da Mesa de idade constituída para presidir esta sesión extraordinaria

do Pleno do concello de Boimorto a suspensión na tramitación e sometemento a votación da moción de censura presentada contra o actual Alcalde, en base aos seguintes motivos:

1º. A moción foi presentada coa sinatura dun concelleiro, José Balado Casal, que deu apoio na investidura de 13 de xuño de 2015 ao actual Alcalde que se pretende censurar.

Isto incumple claramente o artigo 197.1,a) da LOREX e cuxa redacción actual ten a súa orixe nos denominados pactos contra o transfuguismo, tamén asinado polo PP que impulsa esta moción.

Ese artigo esixe para presentar, tramitar e votar a moción de censura do Alcalde, unha maioría absoluta incrementada en tantos concelleiros como os que cambien o seu apoio dado no seu día para nomear Alcalde.

Esa disposición legal anula, polo tanto, o apoio e voto favorable a unha moción de censura dos concelleiros que cambiasen de grupo obrigando a incrementar a maioría necesaria en tantos votos como concelleiros estivesen nesa situación.

2º. O citado concelleiro actuou e actúa claramente en fraude de Lei. Non se integrou a conciencia en ningún grupo municipal, pese a que

(i) tanto o artigo 73 da Lei de Bases de Réxime Local establece como ordinaria a organización por grupos políticos en funcións das candidaturas que concorreron ás eleccións

(ii) como que o día anterior á investidura, o 12 de xuño de 2013, asinou un documento no que se somete ás decisións colectivas decididas no seu grupo do PSOE de Boimorto.

3º. O artigo 197 da LOREX ha de interpretarse consonte o espírito, non simplemente dun xeito mecanicista literal.

A súa orixe esta nos pactos antitransfuguismo, e como se recolle na Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Asturias de 06.02.2013 a redacción dese artigo “responde á vontade de dificultar ao máximo que aquelas mocións de censura que van contaminadas por sinaturas de persoas que pudieran ter incorrido en condutas propias do transfuguismo prosperen.” Engádese que debemos reparar na exposición de motivos desa norma, a Lei Orgánica 2/1011, onde se reitera que o transfuguismo é unha anomalía que incidiu negativamente no sistema democrático e representativo e literalmente se expresa a vontade de que con esa norma preténdese evitar que os tránsfugas “modifiquen a vontade popular e cambien gobernos municipais”. Finalmente, conclúe que “a interpretación que se faga da nova redacción do precepto referido (en alusión ao 197 LOREX) debe facer útil a finalidade da reforma que non é outra que a de evitar o transfuguismo político”.

4º. Polo tanto, o concelleiro José Balado Casal debe ser considerado como tránsfuga e o seu apoio á tramitación e votación non computado, requiríndose unha situación adicional, porque –a diferenza Boutros supostos de concelleiros non adscritos- non se incorporou ao longo do mandato corporativo, senón que votou a investidura hai apenas

dous meses e asinou previamente un compromiso de disciplina co grupo do PSdeG, ademais de ter apoiado nas decisións colegiadas do Goberno as propostas deste Alcalde.

En base a iso, consideramos ilegal a dilixencia de admisión a trámite da moción de censura e a convocatoria deste Pleno extraordinario estampadas o 3 de agosto de 2014, e a continuidade na tramitación e a eventual votación.

Por iso, pedimos formalmente da Mesa de Edade que preside esta sesión plenaria extraordinaria

- (i) a reconsideración desa admisión e tramitación da votación de censura.
- (ii) que se consideren incumplidos os requisitos de maioría previstos no artigo 197.1,a) da LOREX dado que a sinatura de José Balado Casal non pode computarse por ter apoiado a investidura do actual Alcalde e asumido as decisións colectivas do grupo municipal do PSOE.
- (iii) xa que logo, requírese unha sinatura adicional para acadar a maioría absoluta, que ao non aportarse polos proponentes implica o decaemento da moción e a suspensión desta sesión extraordinaria plenaria.

De todas maneiras isto é unha cuestión legalista e eu quería clarexalo en "román paladino"

Estamos diante dunha burla con aspecto legal. Explícome. As mocións de censura son un mecanismo democrático para endereitar o goberno dun concello manifestamente á deriva. Este non é o caso, ó equipo de goberno non nos dou tempo nin a discutir. Parece pois, un pouco cedo esta que estamos a tratar.

O art. 197 da Loreg foi reformado como consecuencia do Pacto Antitransfuguismo asinado tamén polo PP para revitalizar a democracia facéndoa máis limpa e transparente. O PP fachendea disto e fachendea sobre todo os seus dirixentes... somos limpos. Pois ben se o que se está intentando consumir aquí hoxe é legal a reforma do citado articulo foi inútil e vulnera o citado pacto que tiña como meta evitar o trasvase, comadreo e tráfico de votos por medio de xente que muda de opinión política e traiciona ós seus electores da noite prá mañá. Este é, sen lugar a dúbida o caso Balado.

Seguir adiante con esta moción de censura supón darlle o poder ilexitimamente a quen xoga sucio, a quen traizo a vontade popular. Si claro, o sr. Balado cambiou de opinión antes de que o equipo de goberno pedíse as consumicións. Diante dun individuo así os partidos democráticos, sr. Gonzalo Concheiro Coello, os partidos democráticos, é dicir estes que subscriben o pacto de goberno, non vostedes, os partidos democráticos aillan ós que traicionan a vontade popular e non lle permiten co seu pacto democrático que a súa opinión valla nada, que a súa opinión sexa nula neste pleno porque está manchando a democracia. Por tanto falamos case dun 10% dos votos emitidos o día das eleccións e que cambian radicalmente pasando a apoiar a opción política que combatían. Recórdense ustedes, sres. do Partido Popular a virulencia mostrada na campaña electoral, a virulencia contra vostedes, y ahora de repente se vuelve bueno...Se isto non é delito, que veña deus e o vexa.

Por outro lado o sr. candidato do PP argumenta inestabilidade no equipo de goberno. Produce risa e soa a burla. A vecindade deste concello recuperaba a normalidade tras a crispación electoral. E aparecen vdes. coa humildade que lles caracteriza e coma raposa que entra nun galiñeiro... alá vai todo. E non lles importa. E séntense ameazados por un papel burdo e deleznable que vistas as súas mañas ben puideron mandar Vdes. para apareceren coma vítimas cando son a todas luces verdugos, unha vez máis, da convivencia e estabilidade democrática.

Vostedes non miden as consecuencias dos seus actos, señores concelleiros do PP. e socio non sei de que idea. Son dunha irresponsabilidade maiúscula. Saben o que están facendo? Saben a fenda que están a crear entre a xente? Mediron a desilusión política en que queda sumido gran parte do electorado que non entende que poidan legalmente traficar, si, digo ben alto, traficar cos seus votos. ¿Van ter valor a ir pedilos outra vez na próxima convocatoria electoral? Total pra que, se logo vostedes con artimañas de todo tipo poden burlar a sagrada vontade popular.

Piden que governe a lista máis votada, saben por qué?? Porque non os quere ninguén de socios, porque son moeda falsa, porque sumiron este País na desesperación e din que estamos avanzando... ¡Burla! ¿Quen? ¿Blesa, Rodrigo Rato...?? Que vai ser dos nosos produtores de leite?? Non pasa nada, todo va bien... dice la Conselleira. ¿Ven por que ninguén quere compartir goberno con Vdes.

Sr. doctor, parece mentira, vostede que exercía a nobre profesión de velar pola saúde física de parte da nosa poboación e agora... provoca coa súa ambición, e non só política, esta violencia social. Irresponsable é o calificativo, e deixación da función para a que foi elixido como concelleiro é o seu delito, pois o seu primeiro deber consiste en velar pola convivencia pacífica da comunidade. E usted estaba truncando. Vostede non é fiel nin a si mesmo. Onde vai a razoabilidade e o talante democrático de que facían gala nestes últimos doce anos aquí? Aprétanlle, sr. doctor, ou é decisión propia? ¿Aprétanlle? Onde deixa a súa estima persoal que eu tanto estimaba?

¡Demasiado pago para unha alcaldía! ¡Quédense con ela!! Nestes momentos sentimos pena non polo traballo que tiñamos empezado o equipo de goberno, non este alcalde, o equipo de goberno, ¡métanse eso na cabeza! o equipo de goberno estaba unido e estaba funcionando. Non sinto pena por eso, non sentimos pena por eso. O traballo que tiñamos empezado, en so dous meses, e que podía darlle algo de alento e de futuro ó noso concello, sentimos pena por Vdes. os cómplices desta farsa. Créanme non é preciso arrastrarse pola lama para conseguir un chisco de poder e notoriedade, a maior riqueza tena quen dorme tranquilo tódalas noites e debuxa unha sonrisa cada día ó se erguer da cama. Vdes. non van poder facelo aquí en diante. Serán recordados como aqueles seis individuos que un día de agosto emporcaron a convivencia democrática de Boimorto. ¿Poderán explicarllelo ós seus netos sen poñerse colorados coa vergoña?

Por certo, Agosto... día 20, hai 79 anos, once homes, Amenal e Ortoño.

Están a tempo de rectificar, despois da votación non teñen volta atrás.

Saben? A única vantaxe con Vdes. é que son fonte de inspiración e sempre deron un chisquiño de calidade ós meus cativos versos. Vostedes inspiraron este poema e pra Vdes. vai.



Eles teñen o poder,  
eles teñen o diñeiro,  
maquía de muiñeiro  
que leva a metá do gran,  
so pode come-lo pan  
quen lles rende submisión,  
iso pensan, con perdón,  
por quen se sinta ofendido,  
este é un falar de amigo,  
sen vontade de faltar,  
pero non podo calar  
isto que sae do peito,  
tantas como levan feito  
e sen ningunha pagar.

Eles queren gobernar  
polas boas ou polas malas  
se gobernan, boas palabras,  
e sempre con malas artes,  
despois do lus vén o martes,  
e tra-la noite o amencer,  
tamén nós habemos ver,  
outra vez a democracia  
saíndo desta desgracia  
nas próximas eleccións,  
e creando as condicións  
pra gañarmos o futuro,  
o camiño será duro,  
pero é noso e con razón.

Consumados estes feitos  
de todos vós me despido  
como alcalde e como amigo  
pra quen me queira así ver  
tiven o gusto de ser  
servidor por pouco tempo  
contamos co mal exemplo  
dos de moral distraída  
que nos tronzaron a vida  
dun xeito vil e rastreiro  
eles serán os primeiros  
en sentir este desprezo  
e crédeme que eu devezco  
por que chegue ese momento  
de ver estes elementos  
culpables da gran derrota  
na que pagarán... con nota,  
todo este desaguisado.  
Ver ó PP derrotado  
en contienda electoral

mmmmmm.....

Son quen de ir á Catedral  
e dar gracias a Santiago.

D<sup>a</sup> M<sup>o</sup> JESÚS NOVO GÓMEZ , Portavoz do grupo municipal do PP:

Non intervén.

D<sup>a</sup> RAQUEL VAL VÁZQUEZ , Portavoz substituto do grupo municipal do BNG:

Como se acaba de expor aquí, os firmantes desta moción, apoianse para xustificala en que nas pasadas eleccións municipais obtiveron a maioría dos votos cun 44% dos mesmos, o cal din lles da lexitimidade para gobernar.

Sabemos que o PP, agora que lle ven as orellas ó lobo, pretende modificar a lei para que a lista máis votada sexa a que governe pero ...as leis que ordenan o noso sistema democrático aínda non contemplan, a deus gracias, esta posibilidade.

En cambio, os pactos entre partidos políticos si son a democracia lóxica nos países nos que a palabra democracia sí que ocupa o seu significado pleno.

Os xuristas, e foron consultados moitos, están dacordo en que a redacción da reforma do artigo 197 da LOREG (Lei antitransfuguismo) non cumpre a función para a que foi pensada e deixa un resquicio para este tipo de trapalladas. E vostedes sábeno porque a están utilizando dun xeito indigno que vulnera o espírito da democracia.

E porto do isto, e máis polo exposto polo meu compañeiro, que o grupo municipal do BNG de Boimorto esiximos a retirada da presente moción de censura por vulnerar o espírito do pacto antitransfuguismo que se materializa nunha defectuosa redacción do artigo 197 da LOREG.

Máis nada.

D. ABELARDO SEOANE VÁZQUEZ portavoz do PSOE:

Bo día, concelleiros e veciños Boimorto:

En calidade de voceiro do PSdeG-PSOE-AIB, manifesto:

1. Pedimos desculpas os veciños por termos incluído a D. José Balado Casal nas nosas llistas. Somos un grupo aberto. É o noso sinal de identidade. Tan só un grupo de veciños preocupados e comprometidos con Boimorto. Non descartamos nin discriminamos a ninguén. Dado que a participación de D. José Balado na campaña foi moi activa, nada nos fixo sospeitar do seu falso compromiso co grupo.

2. O traballo feito ao longo destes 12 anos, temos a coincidencia moi tranquila. En Boimorto, contamos con múltiples infraestruturas, non temos débeda, temos un gran remanente, creamos máis de 50 empregos públicos directos e somos un dos 3 concellos Galegos que máis inviste en política social. Un concello máis próspero, máis transparente e con máis futuro que a maioría dos que nos rodean. Somos a envexa da

comarca, en boa medida grazas ao noso bo facer.

3. Desexaríamos non ter cegado nunca ata este extremo é unha vergoña que Boimorto esté nos medios por esta cacicada. Desexaríamos que o PP de Boimorto, actuase de acordo ao principios éticos democráticos máis básicos. Pero é moito pedir. Esiximos que non se sirvan dos recovecos legais dun traficante dos nosos votos para acceder ó poder.

4. Manifestamos a nosa total repulsa a moción de censura que aquí se presenta que nace dun acto de transfuguismo encuberto. Nós non somos coma eles e non necesitamos recorrer a artes escuras para gobernar. Asumimos o mandato popular. E aseguramos a oposición máis férrea que nunca tivesen imaginado, dende o minuto 1, polo ben de Boimorto e polo traballo que levamos facendo ao longo destes 12 últimos anos.

Moitas grazas.

#### D. JOSÉ BALADO CASAL MEMBRO NON ADSCRITO:

La profunda decepción personal y política que siento es el único motivo que me ha llevado a tomar hoy la decisión de apoyar esta moción de censura. No hay otra explicación, por mucho que algunos quieran acusarme hoy aquí de lo que no he sido, no soy y no seré nunca.

Les puede asegurar que me gustaría que las cosas fuera de otra manera, que hoy Boimorto no estuviese en boca de muchos por esta decisión, pero, desde un primer momento, no me ha gustado el cariz que ha ido tomando esta situación.

Es cierto que en su día ofrecí mi apoyo para que el BNG pudiese hacerse con la alcaldía. Más que por convencimiento, lo hice con la esperanza de que fuese lo mejor para este municipio. Está claro que me he equivocado, y con mi apoyo hoy a esta moción, lo único que trato es de corregir mi error.

Confío en que, a partir de ahora, podamos hablar de Boimorto en futuro, de proyectos y de un gobierno estable, que ha sido respaldado por la inmensa mayoría de los vecinos y que está plenamente legitimado para realizar su labor.

Muchas gracias a todos los que me escucharon.

Finalizado o turno de intervencións procédese á votación da Moción de Censura mediante o sistema de chamamento nominal, dacordo co disposto no artigo 22.3 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases do réxime local. A tal efecto os concelleiros, o ser chamados pola Secretaria deberán manifestar o sentido do seu voto respondendo en voz alta SI, NON, ou ME ABSTEÑO.

O resultado da votación e o que segue:

<b>NOME</b>	<b>APELIDOS</b>	<b>SI</b>	<b>NON</b>	<b>ABSTENCIÓN</b>
Gonzalo	Concheiro Coello	x		
María Jesús	Novo Gómez	x		

Elisardo	Montero Castro	x		
Rogelio	Sueiro Carro	x		
Luis	Rico Vereá	x		
Sandra	Sánchez Iñiguez		x	
Abelardo	Seoane Vázquez		x	
José Luis	Rivas Cruz		x	
Raquel	Val Vázquez		x	
José	Balado Casal	x		

**RESULTADO:**

**Votos emitidos: 10**

**Votos a favor: 6**

**Votos en contra: 4**

**Abstencións: 0**

A vista do resultado da votación, e por tanto **tendo obtido** o voto favorable de seis concelleiros, maioría suficiente legalmente para que prospere a moción de censura, á vista do acordo da Xunta Electoral Central de data 20/03/2014 número 354/151, a Mesa de Idade, declara aprobada a Moción de Censura e proclama ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE BOIMORTO A D. GONZALO CONCHEIRO COELLO.

A continuación a Mesa de Idade procede a darlle posesión do cargo de Alcalde a D. Gonzalo Concheiro Coello requeríndolle para que xure o cargo coa fórmula de xuramento ou promesa recollida no Real Decreto 707/1979 de 5 de abril, D. Gonzalo Concheiro Coello manifesta que **“JURA por su conciencia y honor, cumplir fielmente las obligaciones del cargo de Alcalde Presidente del Ayuntamiento de Boimorto, con lealtad al Rey, y guardar y hacer guardar la Constitución como norma fundamental del Estado”**

Polo que a Mesa de Idade o declara en posesión do cargo de Alcalde Presidente do Concello de Boimorto, disolvéndose no acto e pasando a presidir a sesión D. Gonzalo Concheiro Coello .

O Alcalde Presidente toma a palabra e realiza a seguinte intervención:

Que gobernará con responsabilidade

E sendo as 12 horas e 40, minutos do día 14 de agosto de 2015 e non tendo máis asuntos que tratar na orden do día, deuse por finalizada a sesión de cuxo resultado exténdese a presente acta e de todo o que eu como Secretaria dou fe.

